

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2012.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 29 de febreiro de 2012, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

NON ASISTE:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE OBRAS REALIZADAS NO LUGAR DE A TORRE.

1º) SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE OBRAS REALIZADAS NO LUGAR DE A TORRE.

Pola Alcaldía se sinala que o grupo municipal do PSG-PSOE acordou renunciar as asignacións económicas por asistencia a este Pleno solicitado polo grupo municipal do PP, porque non debía celebrarse, por non ter xustificación ningunha a súa celebración.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ao escrito asinado polos catro membros do grupo municipal do PP, de data 15 de febreiro de 2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 324, do 15 de febreiro, que transcrito di:

Carlos Tomé Fondo, voceiro do grupo popular neste Concello, así como as concelleiras do seu grupo abaixo asinantes, ao abeiro do art. 46 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ao abeiro do art. 78 do ROF, solicitan a celebración dun Pleno extraordinario, no tempo establecido desde a recepción do presente escrito.

O interese e fin desta sesión extraordinaria é tratar o asunto relacionado coas obras denunciadas por varios veciños e realizadas no lugar de A Torre por D. Antonio Bello Couso.

O asunto de referencia, relativo a todas as obras feitas no lugar antedito, tivo moita repercusión entre a vecindade do lugar, e por iso debe ser ben aclarado e detallado en presenza de todos os membros da Corporación.

Hai moitas dúbidas sobre o procedemento levado a cabo por parte do Concello, e que o Sr. Alcalde debe aclarar ante os diferentes grupos políticos existentes en Brión. Hai outras dúbidas, relativas ás obras realizadas polo Sr. Bello, que tamén deben ser aclaradas polo equipo de goberno, dando as explicacións pertinentes e tamén se debe estudar as medidas necesarias a adoptar, co fin de que o Sr. Bello non siga realizando obras sen as correspondentes licenzas.

Por ese motivo solicitamos un Pleno extraordinario para que poida responder ás preguntas relativas ao asunto, e calquera dúbida que proceda sobre as obras.

Debate.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que a pesar do que saíu no xornal vostede e os outros dous concelleiros con dedicación non cobran por asistencia ao Pleno.

O Sr. Alcalde lle informa que dispón dun tempo determinado segundo o regulamento orgánico municipal.

Engade o Sr. Concelleiro que a razón da celebración deste Pleno é para aclarar dúbidas, porque se vostede respondera ás preguntas formuladas con anterioridade non tería que celebrarse. Sinala que no mes de xullo de 2010 se presenta denuncia por D^a. Carmen Blanco Fresco por diversas obras que estaba a realizar o Sr. Bello e que segundo lle informou a denunciante veu ao Concello a preguntar e ninguén foi alí, polo que en agosto acudiu a Patrimonio por non lle facer caso no Concello; en agosto tamén outro señor presenta un escrito sobre as obras e en setembro o arquitecto fai un informe sobre o muro e o alpendre e pasa todo o ano 2010 e non reciben información.

En data 2 de maio de 2011 se presenta escrito pola denunciante dicindo que ninguén fai nada e se lle envía un informe do arquitecto no que se sinala que sobre o muro se constata sobre informe técnico privado que ten unha antigüidade superior a seis anos e polo tanto a infracción prescribiu e sobre o alpendre informa que non ten licenza nin autorización de Patrimonio e se comunica a demolición a esta señora en xullo; en agosto nós vimos o expediente e lle facíamos unha serie de preguntas e o 19 de setembro sae na prensa o Alcalde dicindo que se cumpriu a lei e que o Sr. Bello xa tiña permiso de Patrimonio para derrubalo, e logo, o 15 de novembro se da a autorización de Patrimonio para derrubalo e a Xunta de Goberno Local de data 29 de novembro concede licenza para derrubo e se lle notifica á Sr^a. Blanco que será derrubada.

No ano 2012 se presenta novo escrito de denuncia por esta señora e o 26 de xaneiro sae nos xornais o Alcalde dicindo que non recibira ningún escrito de denuncia, a nós cóstanos que en febreiro presenta esta señora escrito de denuncia sobre obras, solicitamos un Pleno extraordinario e estamos aquí para preguntar.

O Sr. Alcalde sinala ao Sr. Concelleiro que esgotou os oito minutos do primeiro turno.

O Sr. Concelleiro sinala que quere facer as seguintes preguntas:

- 1) Se en xullo de 2010 hai denuncia dunha veciña sobre varias obras que non se axustan á legalidade, ¿por qué non enviou ao servizo de urbanismo de inmediato e se procedera, se paralizaran?.
- 2) ¿ Falou vostede nalgunha ocasión disto cos denunciante, en que quedaron?, ¿falaron co arquitecto municipal e este lle comunicou algo?.
- 3) Se a denuncia se presentou en xullo ¿por qué se esperou a setembro para que emitira o informe o arquitecto municipal?, ¿como non comprobou o arquitecto a caseta nova que despois foi demolida?.
- 4) No escrito enviado á Sr^a. Blanco non se fai referencia á caseta, ¿por qué?
- 5) Sobre o muro que se constatara que tiña máis de dez anos non fan caso das sinaturas dos veciños nin de fotos aéreas da zona, ¿comprobaron esas fotografías aéreas e comprobaron que ese muro non existía?
- 6) ¿Por qué desde maio de 2011 ata xuño de 2011 se esperou esos meses cos antecedentes deste señor, por qué se tardou tanto?.
- 7) No Correo Galego vostede dixo que as obras se fixeron cumprindo estritamente a lei, ¿por qué dixo iso?,¿ inventouno a prensa?
- 8) O 18 de setembro de 2011 na Voz de Galicia di vostede que tiñan autorización ¿por qué vostede case dous meses antes di que ten a autorización de Patrimonio cando iso era falso?

O Sr. Alcalde sinala que leva vostede quince minutos, vaia vostede rematando.

- 9) Engade o Sr. Concelleiro que o día 20 de outubro paralizou a demolición, ¿tomou algunha medida contra o Sr. Bello por facer a demolición sen licenza?.
- 10) Teño constancia da realización en febreiro de escrito de denuncia por esta señora por outras obras, ¿qué xestións fixo o Concello?.
- 11) ¿Podería informarme sobre as licenzas que se lle deron ao Sr. Bello nesa propiedade desde que a mercou?.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que eu estiven a ver o expediente o luns e do que vin me xurden dous ou tres comentarios; así, entendo que primeiramente hai unha falta de dilixencia do Concello, de non actuar con certa rapidez; outra dúbida é como se xustifica a legalización do muro, me sorprende que sexa neste momento un muro legal e a terceira cuestión é a reincidencia do denunciado, hai unha constante reiteración polo denunciado por non cumprir as normas, se lle supón que é unha persoa coñecedora dos trámites das licenzas pola súa profesión, chámame a atención esa suposta reincidencia en infrinxir; o que si me interesa nesta situación é cal foi a posición do equipo de goberno do Concello, parece difícil entender que o Concello non tivera un coñecemento puntual do que estaba a pasar alí, creo que se xogou co “ti vai facendo” e que isto agrava o problema por estar no contorno das Torres de Altamira.

Engade que é evidente que os escritos non foron contestados de forma rápida e inmediata, parece que o Concello sobre o tema do muro debía comprobar se existía ou non, creo que hai material suficiente para comprobalo, que hai testemuñas aos que preguntarlle, non se fixo iso e se tivo en conta un informe de parte e remata sinalando que creo que o Concello non foi

diligente, actuou neste asunto cunha certa complicidade e isto non se pode admitir porque podemos chegar á conclusión de que se aplica a norma de xeito diferente a uns que a outros.

O Sr. Alcalde sinala que en primeiro lugar quero comezar polo dito polo voceiro do grupo mixto, que o Concello axustouse estritamente á legalidade, dicir o contrario sería grave, actuou en tempo e hora, que o prazo para iniciar o expediente de reposición da legalidade urbanística é dun ano e en ningún momento se fixo iso de “ti vai facendo” e o resultado é os expedientes tramitados que se fixeron con dilixencia; agora na nova denuncia de 2012 estamos a falar dun galiñeiro, dunhas pezas postas debaixo dun hórreo e dunhas pezas nun alpendre e que na mesma aldea da Torre hai máis obras con informes desfavorables de Patrimonio e que o Concello actuou fantasticamente dentro da lei.

Sinala que hai unha denuncia do 9 de agosto de 2010 e o 5 de outubro incoouse expediente de reposición da legalidade urbanística, o 15 de novembro o interesado solicita a legalización do alpendre presentando un expediente de legalización redactado por arquitecto superior, e previos os informes favorables dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Cultura, concédese a legalización do alpendre por acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de xaneiro de 2011.

Respecto do muro previos informes técnicos municipais por resolución de Alcaldía do 27 de xaneiro de 2011 dáse por rematado por prescrición, e por tanto o muro queda na situación legal de fora de ordenación. Se lle respondeu a vostede en setembro que está previsto na lei que un informe técnico sexa un medio probatorio, é válido en dereito, é un medio que non só o acepta o Concello senón a propia Consellería e administración autonómica e a Axencia de Protección de Legalidade Urbanística e así o fixemos nós.

Respecto do expediente referente ao galpón de nova construción en data 2 de maio de 2011 se presenta denuncia pola construción do galpón por D. Ramón Regueiro Mato e D^a. Carmen Blanco Fresco, reiterada por escrito do 11 de maio de D^a. Carmen Blanco Fresco. Por decreto da Alcaldía do 5 de xullo de 2011 incoase expediente de reposición da legalidade urbanística; en datas 21 de xullo e 26 de xullo preséntanse novos escritos de alegacións polos denunciante, por resolución de Alcaldía do 30 de agosto desestímase as alegacións presentadas polo Sr. Bello Couso e resolveuse o expediente de reposición da legalidade, requirindo ao denunciado para que no prazo de tres meses proceda ao derrubamento do galpón, previa solicitude da correspondente licenza de obras; en data 14 de outubro o Sr. Bello Couso presenta solicitude de licenza de demolición, por resolución da Alcaldía do 20 de outubro se ordena ao Sr. Bello Couso a paralización das obras de demolición ata tanto non se lle conceda licenza municipal previa obtención de informe favorable da Consellería de Cultura; previo informe técnico municipal favorable e autorización da Consellería de Cultura (entrada o 24.11.2011) acordase conceder licenza de demolición na sesión da Xunta de Goberno Local do 29 de novembro de 2011 e previo informe dos servizos técnicos municipais que dan por executada a derruba, por resolución da Alcaldía do 21 de decembro de 2011 dáse por rematado o expediente de reposición da legalidade.

Con respecto á última parte da súa intervención teño que dicirlle que o Concello funciona non por informacións ou datos, senón por escritos, e é con data 21 de febreiro de 2012 cando a Sr^a. Blanco Fresco presenta un novo escrito de denuncia por outras obras, relativas a movementos de terras, apertura de gabia, ampliación dunha caseta de madeira situada tras o hórreo, obras nos ocós da parte inferior do hórreo, colocación dunha billa e unha xaula. Xirada visita de inspección polos servizos técnicos municipais en data 23 de febreiro e resulta que non existe ningunha gabia aberta, as obras na parte inferior do hórreo consisten na instalación dunha plancha de madeira, a ampliación da cesta de madeira consiste na ampliación da cuberta para a formación dun porche, conclúese que a instalación da billa non precisa de licenza municipal, sen que se observase a xaula de considerables dimensións á que se refire a

denuncia, se ben para a ampliación da cuberta da caseta si é necesaria a obtención de licenza municipal. En canto á madeira instalada na parte inferior do hórreo se considera que se trata dunha actuación que en principio atenta contra o deber de manter as construcións en situación de ornato e por resolución desta Alcaldía do 24 de febreiro incoase expediente de reposición da legalidade urbanística; esas son as actuacións respecto desa última denuncia, é necesaria unha licenza para poñer viseira ao galiñeiro, é unha obra moi importante, non afectada por Patrimonio e ademais se lle dixo que retirara o do hórreo porque non é bonito.

Se lle dixo en setembro, viu vostede o expediente en agosto e o ten súa disposición.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que respóndame ás preguntas.

O Sr. Alcalde sinala que entendo que están respondidas todas as preguntas.

O Sr. Concelleiro pregunta, ¿por qué non foi o arquitecto?, responde o Sr. Alcalde que estoulle contestando o que fixo o Concello, están aí os expedientes e cumpren estritamente a legalidade, a denuncia foi do 9 de agosto e incoase o expediente o 5 de outubro, tínhamos un ano.

O Sr. Concelleiro sinala que eu non lle pregunto iso, eu preguntolle ¿por qué se tardou dous meses?. O Sr. Alcalde sinala que o técnico foi cando tivo tempo para facelo cumprindo estritamente a legalidade.

¿Falou vostede en persoa con algún denunciante? O Sr. Alcalde responde que non lle sei dicir, cun dos denunciante un montón de veces, non sei se deste tema, e coa Sr^a. Blanco non lle sei dicir pero parece ser que viu ao Concello.

¿Cómo é posible que en setembro o arquitecto non vira esa caseta de pedra? O Sr. Alcalde responde que o 2 de maio se presenta a denuncia onde se fai referencia á mesma caseta e para vela hai que entrar na finca. O Sr. Concelleiro sinala que antes víase desde a parte de abaixo.

O Sr. Alcalde sinala que entendo que xa lle contestei a todas as preguntas.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que eu non dixen en ningún momento que esa obra fose ilegal, eu só constato unha serie de dúbidas e que me levan a pensar que aí houbo actos irregulares, que o Concello debía velo para evitar o enfrontamento entre os veciños, iso non se fixo e os veciños o levaron ao xulgado e veremos como acaba; que o denunciado é reincidente e ademais ten coñecementos diso, que o tema do informe se é dun órgano independente vale pero se é a instancia de parte da lugar a dúbidas porque é un informe interesado, eu creo que o Concello actuou dunha forma non dilixente e iso ten responsabilidades e hai que asumilas.

O Sr. Alcalde sinala que o Concello actuou dunha forma totalmente legal, pensamos que dilixente tamén, porque a lei marca o prazo dun ano e o fixemos en dous meses, que se fixeron obras irregulares é claro porque se fixeron tres expedientes: un legalizouse, outro prescribiu e o outro se ordenou o derrubo, non cremos que haxa problemas entre os veciños da Torre, que estamos a falar de casetos de 2 x 3 para galiñeiros, que é unha infracción moi grave, e remata sinalando que non sei como estaba o muro pero eu nacín alí e o muro xa existía.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo solicita que conste en acta a miña queixa porque as preguntas non foron respondidas.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.
Vº e Prace.

O Secretario.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.